

---

## PSICOMOTRICIDADE

---

### RITMO E EXPRESIÓN CORPORAL

Traémosvos actividades para continuar reforzando a psicomotricidade dende a casa nos próximos días. Concretamente, estes xogos permiten traballar o ritmo e a expresión corporal. Algúns son moi sinxelos e outros máis complexos.

¡A pasalo moi ben!

“**Twist dos ratiños**”: con esta canción de fondo, imos movémonos e bailando ao ritmo da música. Tamén pode facerse co neno sentado na cadeira de rodas ou deitado, colléndoo das mans e marcando nós os seus movementos. Ao chegar á parte da letra escrita en cor vermella comezamos a movernos moito máis lento, como se fósemos un dos ratos que bailan na canción e que non queren que o gato os escoite.

*Cinco ratoncitos vi, bailando bien el twist  
Cinco ratoncitos vi, bailando bien el twist*

***Vino un gato negro, fijo lo miró  
Y a este ratoncito blu-blu, se lo llevó***

*Cuatro ratoncitos vi, bailando bien el twist  
Cuatro ratoncitos vi, bailando bien el twist*

***Vino un gato negro, fijo lo miró  
Y a este ratoncito blu-blu, se lo llevó***

*Tres ratoncitos vi, bailando bien el twist  
Tres ratoncitos vi bailando bien el twist*

***Vino un gato negro, o fijo lo miró  
Y a este ratoncito blu-blu, se lo llevó***

*Dos ratoncitos vi, bailando bien el twist  
Dos ratoncitos vi, bailando bien el twist*

***Vino un gato negro, fijo lo miró  
Y a este ratoncito blu-blu, se lo llevó***

*Un ratoncito vi, bailando bien el twist  
Un ratoncito vi, bailando bien el twist*

***Vino un gato negro, fijo lo miró  
Y a este ratoncito blu-blu, se lo llevó***

*Un gato negro vi, bailando bien el twist  
Un gato negro vi, bailando bien el twist*

*Gatos y ratones vi, bailando bien el twist  
Gatos y ratones vi, bailando bien el twist  
Gatos y ratones vi, bailando bien el twist  
Gatos y ratones vi, bailando bien el twist*

*Twist, twist, miau*

<https://www.youtube.com/watch?v=gqpgZBtUt78>

**Os copións:** neste caso, o rapaz ou rapaza deberá ir facendo os movementos que o adulto lle vaia dicindo, ou imitando as accións que este realice, colléndoo das mans e axudándoo se o precisa. Algúns exemplos de accións a realizar serían: camiñar lentamente, camiñar rápido, aplaudir moi amodo, aplaudir con forza, saltar rápido, dar saltos amodo,...

**“Bartoliño”:** mentres vai soando a canción debemos ir movéndonos polo espazo camiñando, bailando libremente ou mesmo movéndonos dende a cadeira de rodas. Cando cheguemos á parte da letra sinalada en cor vermella, haberá que imitar o son e os movementos de cada animal, mostrándolle como se fai. A continuación tedes tanto a letra como o vídeo coa canción.

*Bartolito era un gallo que vivía muy feliz  
cuando el sol aparecía Bartolito cantaba así  
**¡Muuu!** ¡No Bartolito! ¡Esa es una vaca!*

*Bartolito era un gallo que vivía muy feliz  
cuando el sol aparecía Bartolito cantaba así  
**¡Cua cua cua!** ¡No Bartolito! ¡Ese es un pato!*

*Bartolito era un gallo que vivía muy feliz  
cuando el sol aparecía Bartolito cantaba así  
**¡Beeeee!** ¡No Bartolito! ¡Esa es una oveja!*

*Bartolito era un gallo que vivía muy feliz  
cuando el sol aparecía Bartolito cantaba así  
**¡Ahuuuuu!** ¡No Bartolito! ¡Ese es un lobo!*

*Bartolito era un gallo que vivía muy feliz  
cuando el sol aparecía Bartolito cantaba así  
**¡Miauu!** ¡No Bartolito! ¡Ese es un gato!*

*Bartolito era un gallo que vivía muy feliz  
cuando el sol aparecía Bartolito cantaba así  
**¡Guau!** ¡No Bartolito! ¡Ese es un perro!*

*Bartolito era un gallo que vivía muy feliz  
cuando el sol aparecía Bartolito cantaba así  
**¡Cocorocó!** ¡Bien Bartolito!...*

<https://www.youtube.com/watch?v=4ShOpJPHRxA>

**Percusión corporal:** con esta actividade podemos crear sons e seguir diferentes estruturas rítmicas usando o noso propio corpo. Nos seguintes vídeos tedes xogos de

percusión que favorecen a conciencia corporal, a atención, a concentración, a memoria e a coordinación de movementos.

<https://www.youtube.com/watch?v=4oAmDurPjro> *“Percusións corporais”*

<https://www.youtube.com/watch?v=7BhTjW-531w> *“Samba lelé - percusión corporal”*

**Pilla-pilla a cegas:** trátase dun xogo para facer en parellas. O adulto ten que ir camiñando polo cuarto mentres toca un instrumento ou da palmas para guiar ao neno/a, que debe localizalo levando os ollos tapados cunha venda ou cun pano. Tamén podemos facelo sen a venda e agochándonos nalgún lugar, para que nos atope seguindo o son que producimos. Debemos ir cambiando o ritmo, producindo sons máis fortes ou máis débiles, tocando máis rápido ou máis lento, etc. Poden intercambiarse os roles.

**Movémonos co son:** neste xogo, o pequeno/a irá dando pasos ou saltos cada vez que o adulto aplauda ou toque un instrumento, podendo aumentar ou reducir a velocidade dos movementos dependendo do ritmo que se siga en cada momento.

**O xogo das estatuas:** consiste en moverse ao ritmo da música ata que, cando o adulto pare a canción, os participantes deberán quedarse tan quietos como se fosen estatuas, sen poder moverse ata que a música volva a sonar. Podemos empregar diferentes cancións, e prologar máis ou menos tempo a duración de cada pausa.

<https://www.youtube.com/watch?v=mrxTQZW9b08> *“Baile do Sapiño”*

Co “Baile do Sapiño” o neno/a poderá moverse libremente e, se é capaz, intentar seguir os movementos do baile do sapo.

<https://www.youtube.com/watch?v=24HT4z1x0l0> *“Son un robot”*

Coa canción “Son un robot”, terá que realizar movementos moito máis lentos e ríxidos.